

Na Citroen xa se pode conciliar na quenda de noite.

Unha sentenza da a razón a un afiliado da CUT e condena a empresa a indemnizalo con 3.750€ polo prexuízo causado.

Vigo, 5 de xuño do 2023

Vitor Manuel Mariño Fernández

Secretario da Sección Sindical da CUT Citroen 695151270

citroen@cutgaliza.org

Poder conciliar na Citroen está a converterse nunha quimera, pero **querer facelo na quenda de noite era practicamente imposible ata agora.**

A xustiza da a razón a un afiliado da CUT, **no seu dereito a conciliar na quenda de noite e sen renunciar a súa profesionalidade**, ademais condena a empresa a indemnizalo con 3.750€ polos danos causados.

A practica inveterada da empresa, cando unha persoa ten unha necesidade específica de conciliación, que se saia dos horarios que xa teñen preestablecidos, é marear, marear e marear, ata que a persoa se cansa e acepta o que a empresa lle interesa.

Neste caso particular, a empresa esmerouse en poñer tódalas trabas posibles, a pesares de que a persoa demostrou a necesidade imperiosa do horario solicitado, que inclúe unha redución do 50% da xornada e coa máxima puntuación na comisión de igualdade. De aí que a xuíza impuxera unha indemnización elevada.

Na sentenza queda acreditado que a empresa obrou de mala fe, por non dar resposta as diferentes solicitudes e reclamacións do traballador. Pese a que a baremación da comisión de igualdade, **si acreditaba a súa imperiosa necesidade**. E porque **en ningún momento intentou probar a imposibilidade de acceder ao horario solicitado.**

Tamén recoñece acreditada a mala fe, cando se lle ofrece un posto noutro servizo, que suporía unha degradación de funcións e implicaría a renuncia a súa profesionalidade para poder conciliar a súa vida laboral e familiar. O que supón ao noso entender unha chantaxe en toda regra.

Segundo a xuíza, **NON se acreditou a idoneidade, a necesidade, nin a proporcionalidade da denegación**. Engadindo que estamos ante unha gran empresa con recursos e polo tanto a solicitude non supón un grave prexuízo para a mesma.

Axuntamos sentenza.